


O MARCO DE PORTONOVO

O marco de Portonovo de Valverde é un monolito de pedra –probablemente unha laxa [megalítica](#)- que dividiu dende tempo inmemorial tres freguesías e no devalar do tempo tres concellos: Valdoviño, Narón e San Sadurniño. Está situado no [vello camiño a San Andrés de Teixido](#) e actualmente fai de pontella para atravesar o regato de Portonovo. A pedra está situada ao carón do gran complexo funerario megalítico no [monte dos Nenos- Esperón](#), que garda 16 monumentos funerarios -dous deles en Santa Mariña do Monte- de polo menos hai 3.000 anos.



A laxa ten gravada a inscrición M3T (marco de tres termos, século XVIII) , e amosa ademais diversas gravuras e una [cazoleta](#) que correspondería á pegada de Deus (plantae pedum), cando asolagou a cidade impía de Valverde, segundo relataban lendas milenarias asociadas ao [“mito das cidades asolagadas”](#). Contaban os vellos que dende aquela, o río corre baixo a terra, gardando o tesouro dos sete imperios, antes de desembocar no Mar de Pantín. Nas noites de luar, pódese ver a torre da igrexa de Valverde e dise que introducindo unha vara na auga é posible tocar as campás, como lle contaron ao historiador e arqueólogo de Trasancos [Andrés Pena Graña](#)

«Deus ía percorrendo o mundo e un día que viña polo camiño de S. Andrés cara a Xuvia chegou á cidade de Portonovo de Valverde, cidade ó oriente dun río moi grande e como tiña os pés desfeitos de tanto camiñar pediulle ó zapateiro da cidade que lle dera uns zapatos vellos. Negouse o zapateiro a darllos inda que fose Deus.

Deus insistiu e porfióu para que o zapateiro llos dese; o zapateiro colleu un zapato e dicindo ¡NON! fendeulle a Deus un ollo.

Entón Deus botou unha maldición ó pobo e asulagouno nunha lagoa. Cando nas noites de lúa chea ou días moi claros o rego baixa pequeno e coa auga limpa podese ver no seu fondo a torre do campanario da igrexa da cidade. Un día uns liaron unha vara o fondo e puideron escoita-lo son da campá. O río de Portonovo asulagouse coa cidade e pasa por debaixo da terra indo saír á praia de Pantín. Pódese ve-lo sitio exacto por onde sae o río porque o caudal de auga doce que vai saír ó mar é tan grande que se ve a marca que deixa o chocar coa auga salgada.



Non sería mala idea que os tres concellos se puxeran dacordo para poñer en valor esta paraxe mítica, tan rica no folclore popular e por seren ademais un fito senlleiro do milenario Camiño de San Andrés.

Bibliografía: **PENA GRAÑA ANDRES:** [Narón, un concello cunha historia de seu](#). Tomo I. Concello de Narón 2006